

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

**7325** *Real decreto 426/2013, do 14 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial para a inclusión do idioma coreano.*

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula nos seus artigos 59, 60, 61 e 62 as ensinanzas de idiomas de réxime especial e establece que estas ensinanzas se organizarán en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. En consonancia co disposto no artigo 6.2 da lei, o Goberno debe fixar os aspectos básicos do currículo que constitúen as respectivas ensinanzas mínimas, co fin de asegurar unha formación común e garantir a validez dos certificados correspondentes. O artigo 59.1 establece que as ensinanzas do nivel básico terán as características e a organización que as administracións educativas determinen, e o artigo 60.1 establece que as ensinanzas de idiomas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado serán impartidas nas escolas oficiais de idiomas. De acordo co previsto no artigo 61.1, na definición dos aspectos básicos do currículo das distintas linguas débense determinar os efectos dos certificados acreditativos da superación das exixencias académicas correspondentes aos diferentes niveis.

En desenvolvemento destes preceptos, o Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, fixou os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola lei citada para os idiomas recollidos no seu artigo 1.1. O Real decreto 999/2012, do 29 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 1629/2006, ampliou as ensinanzas de idiomas de réxime especial coa inclusión do idioma polaco. En resposta ás necesidades do alumnado, procede agora ampliar esta relación de idiomas coa inclusión do idioma coreano, cuxas ensinanzas mínimas para os niveis intermedio e avanzado e exixencias mínimas de certificación para o nivel básico, así como outros aspectos da ordenación destas ensinanzas, serán os mesmos que para os idiomas cuxas ensinanzas foron reguladas polos reais decretos mencionados.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de xuño de 2013,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

Modifícase o número 1 do artigo 1, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto fixar as exixencias mínimas do nivel básico para efectos de certificación e as ensinanzas mínimas que deberán formar parte dos currículos que as administracións educativas establezan para os niveis intermedio e avanzado dos idiomas seguintes: alemán, árabe, chinés, coreano, danés, finés, francés, grego, inglés, irlandés, italiano, xaponés, neerlandés, polaco,

portugués, romanés, ruso, sueco, linguas cooficiais das comunidades autónomas e español como lingua estranxeira.»

**Disposición derradeira primeira.** *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Educación, Cultura e Deporte, no ámbito das súas competencias, poderá ditar cantas disposicións requiran o desenvolvemento e a aplicación do establecido neste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de xuño de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,  
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA